

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 30 de abril de 2014

HORA DE COMEZO: 14:25 h.

HORA DE REMATE: 14:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 21 de abril de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 24 DE ABRIL DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 22.220.- A Victoriano García Galán, con enderezo en Cabeza del Moro, nº 10-6ºB-Talavera de la Reina-45600-Toledo, para en Balea, nº 60-Darbo, construír unha vivenda unifamiliar de 64,63 m²., de semisoto, 30,36 m²., de planta baixa e 34,25 m²., de terrazas, de conformidade co proxecto visado con data 18 de xuño de 2007 e 23 de xuño de 2010, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada con data 8 de febreiro de 2008.

EXPEDIENTE Nº 24.601.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.743.- A Ramiro Cordeiro Cordeiro, con enderezo en Estrada a Aldán-Balea, nº 2-4ºF-Darbo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que a superficie total do soto e de 86,03 m².

EXPEDIENTE Nº 24.855.- A Jesús Manuel Vázquez Portela e Ana Isabel Bouzo Gómez, con enderezo na Avda. García Barbón, nº 48B-portal 5-4º O-36201-Vigo, para na Pedreira-Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 152,73 m²., de soto, 105,74 m²., de planta baixa, 44,85 m²., de primeiro andar, 14,71 m²., de aproveitamento baixo cuberta, 25,00 metros de galpón e unha piscina, de conformidade co proxecto básico e reformado de básico presentados os días 28 de novembro e 26 de decembro de 2013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada con data 16 de abril de 2014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de MIL CATROCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (1.449,32 €).

EXPEDIENTE N° 24.935.- A José Manuel Rodríguez Pérez, con enderezo na Avda. de Galicia, nº 79-5º esquerda-Monforme de Lemos-27400-Lugo, para en Vilanova-O Hío, reformar unha edificación existente en 56,00 m2., de primeiro andar e ampliar en 96,71 m2., a planta baixa, 43,89 m2., de primeiro andar e 9,36 m2., de terraza, de conformidade co proxecto básico de febreiro de 2014, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada o día 10 de abril de 2014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de MIL DOUSCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON UN CÉNTIMO (1.276,01 €).

EXPEDIENTE N° 24.964.- A Josefa González Rodal, con enderezo en Rúa Venezuela, nº 10-7ºC-36203-Vigo, para en Rúa Loureiros, nº 5-Cangas, construír un porche cubrindo unha terraza existente en 20,00 m2., de conformidade co proxecto de marzo de 2014.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.576.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MARÍA ÁNGELES COSTAS GARCÍA

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal o día 23 de abril de 2014, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a María Ángeles Costas García, con enderezo en Rúa Boticaria, nº 26-Coiro, para vivenda sita en Telleiro-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.576.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dase conta de Decreto da Alcaldía do día 23.4.14, referente a adxudicación do contrato de xestión de servizo público mediante concesión de servizo de axuda no fogar, que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de xestión de servizo público de axuda no fogar (SAF) mediante concesión.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'IDADES, S.L.', con CIF nº B36577542, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo, constituíu garantía definitiva e aboou os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'IDADES, S.L.', con CIF nº B36577542, o contrato de xestión de servizo público mediante concesión de servizo de axuda no fogar (SAF) coas seguintes especificacións:

- Prezo hora (sen IVE): 11,79 €.
- Prazo de execución: un ano susceptible de dúas prórrogas anuais.
- Prestación de programas complementarios: os especificados na súa oferta.

Terceiro.- Dispoñer o gasto que para este concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 233-277.99 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'IDADES, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sexto.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice a efectos da súa ratificación.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería, Apoio Xurídico e Benestar Social."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento do Decreto da Alcaldía do día 23.4.14, referente a adxudicación do contrato de xestión de servizo público mediante concesión de servizo de axuda no fogar.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/CONTRATACIÓN DO CURSO DE MONITORES DE TEMPO LIBRE-2014

*** PTE. de redacción do acordo***

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Proposta de D. José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas, referente a contratación da Escola de Tempo Libre BARLOVENTO para a impartición dun curso de Monitores de Tempo Libre

Asdo.:
sé Luis Gestido Porto

Dna. Mercedes Lorenzo Núñez, Técnica Responsable de Xuventude do Concello de Cangas

INFORMA

Unha vez rematado o prazo para participar no procedemento de contratación do Servizo de "Impartición do curso de Monitor de actividades de tempo libre", contabilizamos 5 proposicións das diferentes escolas invitadas.

De acordo os criterios que se terían en conta para a adjudicación deste contrato (prezo, nº de alumnos para empezar, formación complementaria)

ESCOLAS	PREZO	Nº ALUMNOS	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA
ETL PASATEMPOS	5.000	20	Iniciación Globoflexia e maquillaxe infantil
ETL BARLOVENTO	3.960	20	Manipulador De alimentos, formación en actividades náuticas, orientación, escalada, tiro con arco. Oferta practicas en entidade propia
ETL FERVENZA	4.600	20	« Manipulador de alimentos
ETL FESAN	4.700	20	Manipulador de alimentos
ETL AIKA	4.400	20	Manipulador de alimentos

A Escola que mellor se adapta as condicións solicitadas é ETL BARLOVENTO

Cangas 23\de abril de 2014 A Técnica Responafe)le de Xuventude

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓNS PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

5.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 23.4.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a autorización de varios postos de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Os seguintes interesados/as, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:

INTERESADO/ A	NIF	ENDEREZO	DATA SOLICITUDE	Nº ENTRADA
<i>TOURIA KHALAFI</i>	<i>X4752169R</i>	<i>Avda. de Lugo, nº 84, 1º andar Dta.- 36004- Pontevedra</i>	<i>16/01/2014</i>	<i>522</i>
<i>MARÍA JOSÉ NIETO GARCÍA</i>	<i>76896703K</i>	<i>A Relva (Torreiros) nº 18-36410-O Porriño- Pontevedra</i>	<i>24/01/2014</i>	<i>820</i>
<i>LUZ MARÍA VILAS VÁZQUEZ</i>	<i>44088580H</i>	<i>R/ As Baladas, nº 13, 1ºD- 36194-Barro- Pontevedra</i>	<i>24/01/2014</i>	<i>826</i>
<i>REBECA VIDAL RODRÍGUEZ</i>	<i>78739876C</i>	<i>Reibón-Meira, nº 89-36955- Moaña- Pontevedra</i>	<i>27/01/2014</i>	<i>868</i>
<i>ELMOSTAFA BACHA</i>	<i>X6404514A</i>	<i>Videira, nº 2A-2º ES-Pontevedra</i>	<i>03/02/2014</i>	<i>1230</i>
<i>MAHAMADOU BAGANNAN</i>	<i>Non consta</i>	<i>R/Ezequiel Massoni, nº 63- 2º A-36900- Marín- Pontevedra</i>	<i>10/02/2014</i>	<i>1544</i>

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando esta previsión da ordenanza, e tendo en conta a falta do espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas presentadas polos anteditos interesados/as.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos/ás interesados/as xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a autorización de varios postos de venda ambulante.

5.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 14.4.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a autorización do exercicio da venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DO EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no rexistro xeral deste concello o día 04/04/2014 (nº entrada 4059), Abderrahim Ezzahidi, con NIF X2348970A e domicilio na Avda. Miguel Enríquez, nº 31-1ºB-36950-Moaña-Pontevedra, solicita autorización municipal para exercer a venda ambulante de peixe fresco en todo o municipio de Cangas, a través dun vehículo adaptado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Establece o artigo 8 Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013) que: 'só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos textís, de pel, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética, perfumería, quincalla, libros, aparatos de radio, Cd, DVD, prantas, sementes, ferramenta e maquinaria agrícola, xoguetes, árbores e outros análogos.' Así mesmo, o aludido artigo sinala que: 'os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas, sen xustificar a alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación á Seguridade Social, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excendentes de produción, que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fóra de tempada).

Por outra parte, o artigo 9 da referida ordenanza dispón que: 'queda expresamente prohibida a venda ambulante no mercado de animais de compañía, carnes, aves e caza frescas, refrixeradas ou conxeladas, pescados e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificada e leite pasteurizada, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como, aqueles outros produtos que supoñan un risco sanitario polas súas características a xuízo das autoridades competentes.'

Tendo en conta o disposto por estes preceptos e considerando a natureza dos artigos que pretende comercializar o interesado, cabe concluír que nos atopamos ante produtos cuxa venda ambulante non está autorizada pola ordenanza.

Cabe engadir que o parágrafo segundo do aludido artigo 9, no seu inciso final, establece que se permitirá a venda dos produtos anteriormente citados cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das axeitadas instalacións frigoríficas e os produtos estean debidamente envasados, pero en calquera caso, o interesado, na súa solicitude, non acredita o cumprimento destes requisitos.

2.- Afondando nas condicións esixidas pola Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, respecto da venda de alimentos, cabe facer especial mención aos parágrafos segundo e terceiro do seu artigo 10. Neles establécese, respectivamente, que: 'os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e

hixiene especialmente cando se trate de produtos perecedeiros' e que: 'os alimentos cumprirán a normativa sanitaria esixida para cada un deles, sendo indispensable que se presenten, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa. Todos os alimentos deben estar protexidos da contaminación polo po, insectos e outras fontes de sucidade evitando a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e a choiva. Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a venda protexidos mediante recipientes ou vitrinas que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizaranse utensilios adecuados.'

Novamente, cabe indicar que a solicitude presentada polo interesado non acredita nin o cumprimento da normativa sanitaria que poida resultar aplicable, nin a adopción das medidas que garantan a protección dos alimentos, nos termos expresados pola ordenanza.

3.- En calquera caso, á marxe das consideracións efectuadas con relación ao produto para cuxa venda solicita autorización o interesado, cabe indicar que, como regra xeral, non cabe autorizar o exercicio da venda ambulante en lugares distintos aos fixados pola ordenanza municipal.

Así, en canto ao lugar destinado ao exercicio da venda ambulante, dos puntos tres e catro do artigo 4 da ordenanza, extráese que o mercado ambulante municipal emprázase como regra xeral no contorno da Praza de Abastos e Avda. Eugenio Sequeiros, sen prexuízo de que o concello poida modificar dito emprazamento por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución de Alcaldía ou, de ser o caso, acordo da Xunta de Goberno.

Tendo en conta o exposto, conclúese que a solicitude presentada por Abderramihim, para exercer a venda ambulante en todo o municipio de Cangas, é claramente incompatible co disposto pola ordenanza.

4.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para o exercicio da venda ambulante no municipio de Cangas, presentada o 04/04/2014 por Abderrahim Ezzahidi, con NIF X2348970A, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a autorización do exercicio da venda ambulante.

5.C) PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 14.4.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a autorización de varios postos de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Os seguintes interesados, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:

INTERESADO	NIF	ENDEREZO	DATA SOLICITUDE	Nº ENTRADA
<i>SAMBA COUMBA NDAO</i>	<i>X7953I55P</i>	<i>R/ Fernando Olmedo, nº 2- 2ºC-36002- Pontevedra</i>	<i>07/03/2014</i>	<i>2592</i>
<i>ALESANDRO AÑÓN CU BILLAS</i>	<i>36I72364B</i>	<i>R/San Roque, nº 39-36860- Pontearreas- Pontevedra</i>	<i>11/03/2014</i>	<i>2759</i>
<i>FRANCISCO JAVIER FUENTES SANZ</i>	<i>43783447A</i>	<i>Os Seixiños (Mena), nº 70, 36967-Meaño- Pontevedra</i>	<i>14/03/2014</i>	<i>3051</i>
<i>LORENZO ROCHA RODRÍGUEZ</i>	<i>I6574960X</i>	<i>Parderrubias- Maceira, nº 4- 36472-Salceda de Caselas- Pontevedra</i>	<i>24/03/2014</i>	<i>3480</i>
<i>CHEIKH NIANG</i>	<i>A00539223</i>	<i>R/ Enrique Lorenzo, nº 5, 2ºD-36207-Vigo, Pontevedra</i>	<i>26/03/2014</i>	<i>3572</i>

JUAN CARLOS PEÑA CIERTO	33255594D	Sande-Carcacia, nº 64-15914- Padrón-A Coruña	01/04/2014	3874
----------------------------	-----------	--	------------	------

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando esta previsión da ordenanza, e tendo en conta a falta do espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas presentadas polos anteditos interesados.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a autorización de varios postos de venda ambulante.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

6º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA DE "PAVIMENTACIÓNS PARROQUIA NERGA-O HÍO"

Dase conta de Decreto da Alcaldía do día 15.4.14, referente a adxudicación do contrato da obra de "PAVIMENTACIÓNS PARROQUIA NERGA-O HÍO", que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra "PAVIMENTACIÓN PARROQUIA NERGA, O HÍO".

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'Construcións, Obras e Viais, S.A.', con CIF nº A36008886, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu, relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva e aboou os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'Construcións, Obras e Viais, S.A.', con CIF nº A36008886, o contrato de obra 'Pavimentacións Parroquia Nerga-O Hío', coas seguintes especificacións da súa oferta:

- Importe de adxudicación: 43.500 € máis IVE (21%), total: 52.365 euros.*
- Prazo de execución: 2 semanas.*
- Ampliación do prazo de garantía: 12 meses.*

Terceiro.- Dispoñer en contía de CINCUENTA E DOUS MIL SEISCENTOS TRINTA E CINCO EUROS (52.635,00) €, o gasto que para este concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 431.619 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'Construcións, Obras e Viais, S.A.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra 'Pavimentacións parroquia Nerga, O Hío'.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sétimo.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que realice a efectos da súa ratificación.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Subvencións e Apoio Xurídico, así como, á directora de obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a adxudicación do contrato da obra de "PAVIMENTACIÓN PARROQUIA NERGA-O HÍO".

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

7.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
ANTONIO VIDAL RIAL	Fonte Lagiños, nº 1-Vilanova-O Hío.	Fonte Lagiños, nº 1-Vilanova-O Hío. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 712, concedido en X.G.L., de data 9.7.08 a Antonio Vidal Rial, con DNI 35.279.409. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

7.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VERTICAL

7.B.1) SOLICITUDE DE SARA PASTORIZA ÁLVAREZ

Vista a solicitude do día 15.4.14 de SARA PASTORIZA ÁLVAREZ, con enderezo en rúa Valentín Losada, nº 9-Cangas, na que demanda a instalación de cartel publicitario no referido lugar.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 22.4.14 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 769/14

ASUNTO: SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE CARTEL PUBLICITARIO EN VALENTÍN LOSADA. SARA PASTORIZA ALVAREZ.

A Xefatura da Policía Local de Cangas, por medio do presente, informa:

Que con referencia a solicitude do día 15 de abril de 2014, presentada por Sara Pastoriza Álvarez, na que solicita permiso para poñer o cartel publicitario do seu comercio de regalos, na esquina da rúa Valentín Losada, faise constar:

Que o desenvolvemento nos últimos anos do sector publicitario Local e a ausencia de normativa específica reguladora, unido a unha xeral indisciplina neste sentido, pode provocar un gran impacto visual e o deterioro da paisaxe urbana, ademais de afectar a efectos do tráfico ao campo visual, percepción e atención de condutores e peóns.

Por tal motivo e salvo superior criterio, considérase que non procede a concesión do solicitado. E para que así conste esténdese aos efectos procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar o pedimento da Sra. Pastoriza Álvarez, de conformidade co informe emitido pola Policía Local.

7.B.2) SOLICITUDE DE Mª TERESA GONZÁLEZ FREIRE

Vista a solicitude do día 22.3.14 de Mª TERESA GONZÁLEZ FREIRE, con enderezo en Viñó, nº 49-O Hío-Cangas, na que demanda a instalación de sinal prohibido cans na Praia de Barra.

Visto, así mesmo, o informe favorable emitido o día 15.4.14 pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar o pedimento da Sra. González Freire, de conformidade co informe emitido pola Policía Local.

7.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/ZONAS RESERVADAS PARA MINUSVÁLIDOS EN COLEXIOS, INSTITUTOS E BIBLIOTECAS

Examinado o informe emitido o día 5.4.14 (Rex. nº 670/14) pola Policía Local, no que se inclúe reportaxe fotográfica das zonas reservadas para minusválidos en colexios, institutos e bibliotecas públicas municipais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local o día 5.4.14, e polo tanto proceder á delimitar as zonas indicadas de reserva para minusválidos.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DAR CONTA DE CÉDULA DE CITACIÓN DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS S/PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 255/2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da cédula de citación do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, referente ao procedemento abreviado nº 255/2014.

B) DAR CONTA DE AUTO DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA S/EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 33/2013 (PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 218/2011).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, referente á execución de títulos xudiciais nº 33/2013, dimanante do procedemento abreviado nº 218/2011.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente

